

# PASAPORTE DOS DEREITOS HUMANOS





# Pasaporte dos direitos humanos



1. Apelido: .....
2. Nome: .....
3. Nacionalidade: .....
4. Data de nascimento: .....
5. Sexo: .....
6. Lugar de nascimento: .....
7. Data de expedição: .....
8. Sinatura: .....

**mundo** **sem guerras**

**e sem violência**

# artigo 1



Nacemos libres e debemos ser tratados equitativamente. Temos razón e conciencia, e debemos comportarnos amigablemente entre nós

# artigo 2

**Todas as persoas podemos gozar dos seguintes dereitos aínda cando:**


- sexamos de sexo diferente;
- teñamos unha cor de pel diferente;
- falemos un idioma diferente;
- pensemos cousas diferentes;
- creamos noutra relixión;
- posuamos máis ou menos bens;
- nacemos noutro grupo social;
- procedamos doutro país

## artigo 3




Tes dereito á vida  
e a vivir en liberdade  
e en condicións  
de seguridade

## artigo 4




Ninguén  
ten dereito  
a facerte  
escravo  
e ti  
non podes  
facer escravo  
a ninguén

# artigo 5




Ningún  
ten dereito  
a  
torturarte

# artigo 6



A lei debe  
protexerte  
do mesmo  
modo en  
todas as  
partes, e  
igual que  
ás demais  
persoas

# artigo 7




A lei é igual para todos e todas e debe aplicarse na mesma forma

# artigo 8




Debes poder solicitar axuda aos tribunais cando non se respecten os dereitos que o teu país che concede

# artigo 9



Ninguén ten dereito a enviarte  
ao cárcere ou manterte nel  
ou a expulsarte do teu país  
inxustamente  
ou sen unha razón válida

# artigo 10



Se tes que ir a xuízo, este deberá  
realizarse en público.  
As persoas que te xulguen non se  
deben deixar influír por outras



# artigo 11




Debes ser considerado/a  
inocente  
mentres non se probe  
que es culpable

Se es acusado/a dun delito,  
deberás ter sempre  
dereito a defenderte


Ninguén ten dereito  
a condenarte e a castigarte  
por algo que non fixeses




## artigo 12



## artigo 13




# artigo 14



Se alguén te prexudica  
tes dereito a dirixirte a  
outro país e pedir que  
te protexan alí


Perdes ese dereito se mataches alguén  
ou se non respectas estes dereitos

# artigo 15



Tes dereito a pertencer  
ao teu país  
e ninguén pode impedirche,  
sen unha razón válida,  
que pertenzas a outro  
se o desexas

# artigo 16



Así que chegas á idade prevista pola lei, tes dereito a casar e a fundar unha familia sexa cal sexa a cor da túa pel, o teu país de procedencia e a túa relixión.



Os homes e as mulleres teñen os mesmos dereitos cando están casados e tamén cando están separados




Ninguén debe obrigar unha persoa a casar



O goberno do teu país debe protexer toda a túa familia




# artigo 17



Tes dereito a posuír  
os teus propios bens  
e ninguén ten dereito  
a quitarchos  
sen unha razón válida

# artigo 18



Tes dereito a profesar libremente  
a túa relixión,  
a cambiala e  
a practicala individualmente  
ou con outras persoas

# artigo 19



Tes dereito a pensar e dicir  
o que queiras  
e ninguén debe  
prohibirche facelo.



Tamén debes poder compartir  
as túas ideas con persoas  
de calquera outro país



# artigo 20



Tes dereito a organizar reunións  
pacíficas ou a participar  
en reunións en forma pacífica

Non se pode obrigar a ninguén a  
pertencer a un grupo



# artigo 21



Tes dereito a participar na política do teu país, xa sexa pertencendo ao goberno ou elixindo a políticos/as que teñan as mesmas ideas ca ti




Os gobernos serán elixidos regularmente por votación e a votación debe ser secreta. Debes ter dereito a un voto e todos os votos deben ser de igual valor



Tamén tes o mesmo dereito que calquera outra persoa a traballar na administración pública

## artigo 22



A sociedade en que vives  
debe axudarche a desenvolver  
e a aproveitar ao máximo  
todas as vantaxes (culturais,  
laborais e de benestar social)  
que están á túa disposición  
e á de todos os homes e mulleres  
do teu país



# artigo 23



Tes dereito a traballar, a escoller libremente o teu traballo e a cobrar un salario que che permita vivir e manter a túa familia.

Se un home e unha muller realizan o mesmo traballo, deben cobrar o mesmo



Todas as persoas teñen dereito a asociarse para defender os seus intereses

# artigo 24



A xornada de traballo non debe ser demasiado longa, pois toda persoa ten dereito a descansar e debe poder tomar vacacións pagas



# artigo 25




Tes dereito ao que precisas para que a túa familia e ti non teñades enfermidades, non pasedes fame, teñades vestido e vivenda, e recibades axuda se non tedes traballo, se tedes enfermidades, se sodes maiores, se a túa muller ou o teu home faleceu ou se non gañas a vida por algún motivo que non poidas impedir



As mulleres que van ser nais e os seus fillos ou fillas deben recibir axuda especial. Todos os nenos e nenas teñen os mesmos dereitos, estea ou non casada a nai

# artigo 26



Tes dereito e a obriga de ir á escola. O ensino primario debe ser gratuíto. Tes dereito a aprender un oficio ou a continuar os teus estudos mentres o desexes. Na escola debes poder desenvolver todas as túas aptitudes e deben ensinarche a levarte ben coas demais persoas, independentemente da súa raza, relixión ou país de procedencia

Os teus pais teñen dereito a escoller como e que se che ensina na escola

# artigo 27



Tes dereito a participar nas artes e nas ciencias da túa comunidade, así como a beneficiarte das vantaxes que ofrezan.

Se es artista, escritor/a ou científico/a, as túas obras deben estar protexidas e debes poder beneficiarte delas



# artigo 28



Para que se respecten os teus dereitos debe haber unha “orde” que os protexa. Esa “orde” debe ser local e mundial



## artigo 29



Tes obrigas coa comunidade,  
posto que só nela pode desenvol-  
verse ben a túa personalidade.

A lei debe protexer os dereitos  
humanos. Debe permitir a cada  
persoa respectar as demais, e que  
esta á súa vez sexa respectada



## artigo 30



Ningunha sociedade  
nin ser humano  
de ningunha parte do mundo  
pode quitarlle a ninguén  
os dereitos que acabas de ler



# 2ª CADEA HUMANA DE ESCOLARES POLA PAZ E A NONVIOLENCIA

**A CORUÑA, 26 DE ABRIL DE 2019**

**3.500 estudantes**

Paseo Marítimo, do Millennium á Torre de Hércules

## CENTROS ESCOLARES PARTICIPANTES 2019



## ENTIDADES COLABORADORAS 2019



Emitido co motivo da actividade:  
“2ª CADEA HUMANA DE ESCOLARES POLA PAZ E  
A NONVIOLENCIA”, que desenvolveuse  
no Paseo Marítimo da Coruña o 26/04/2019

Texto de versión simplificada da Declaración  
Universal dos Deritos Humanos, deseñada especialmente  
para dala a coñecer entre menores de idade.  
Autoría da Rede de Escolas polos Dereitos Humanos de  
Amnistía Internacional



[coruna@theworldmarch.org](mailto:coruna@theworldmarch.org)  
[WWW.THEWORLDMARCH.ORG](http://WWW.THEWORLDMARCH.ORG)

## INSTITUCIÓNS COLABORADORAS



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



Deputación  
DA CORUÑA